

# Acta da Comisión Delegada

4 de marzo de 2019

**Lugar:** Reunión por medios telemáticos.

**Hora:** 21:00 horas

Orde do día

- 1- Modificacións datas Calendario Competición Deportiva.
- 2- Aprobación Probas Circuito “No Draft”
- 3- Títulos de Campionato Galego de Longa e Media Distancia
- 4- Probas para Ranking FETRI e invitacións autonómicas
- 3.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Gonzalo Mario Triunfo Delgado

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

---

AD Náutico de Narón- Amando Guerrero Gil

Artrogal- Tri 498- José Riveiro Núñez

Triatlón Rias Baixas- Enrique Hernández Moldes

Triatlón Santiago (Asiste con delegación do presidente José Ramón González)

Triatlón Ferrol- José Antonio Formoso Pita

Patricio Cruz Farías Forneiro

Luis Alberto Pina Refojos

---

## ***Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados***

Comeza a sesión ás 21:05 h.

### **1.-Modificación do Calendario Competición Deportiva.**

a) Probas que causan baixa

Comunícanse as probas que causaron baixa indicando os motivos presentados por escrito polos organizadores que realmente é unha tempada complicada debido á incidencia nos concellos dos procesos electorais.

17 de marzo- III Duatlon Cidade de Vigo – Alegan problemas de falta de recursos humanos que lles impiden facer fronte á organización

7 abril- V Duatlon Concello de Riveira- Campionato Galego- Xuntan a comunicación do Concello coorganizador que debido a outras actividades non ten recursos para facer fronte ao seu desenvolvemento.

26 maio- Triatlón de Menores de Sada- Por coincidir co proceso electoral local e non poder polo tanto contar coas forzas de seguridade. Debido a problemas de mareas é imposible modificar a data.

b) Solicitude de modificación de data

6 abril- Final Provincial de Duatlon Escolar Mondoñedo- Propoñen o 4 de maio

Infórmase que o responsable de menores falou con eles e quedaron de mirar a posibilidade doutra data co Concello .

Valorase a coincidencia co Mundial de Pontevedra e que ao día seguinte hai un clasificatorio para os cadetes en Madrid de cara á clasificación para o seu campionato Mundial e Europeo.

Todos os presentes están de acordo en que a organización dun Mundial é prioritaria a tódolos niveis e Pontevedra debe ter todos os recursos federativos centrados no desenvolvemento deste campionato, polo que a data do 4 de maio non é viable.

c)Novas probas para calendarizar

7 abril- Duatlón Concello de San Cibrao (Ourense)- Cpto Galego de Duatlón

Propónse a Campionato Galego esta proba organizada polo Club Corredores do Miño e que ademáis non incide na planificación dos clubs ao disputarse na mesma data prevista inicialmente.  
Aprobouse por unanimidade.

## 2.- Probas de Circuito “NO DRAFT”

Comunícase que falado cos organizadores todos están de acordo en formar parte do Circuito e aprobouse por unanimidade a configuración do circuito.

Longa Distancia  
VI Northwest Triman

Media Distancia  
VIII Copa Deputación Ourense-Aviación 2019  
VI Northwest Triman  
VI Triatlón Desafío Islas Cies

Distancia estándar  
V Tríatlon Atlántico Baiona (C.G. Estándar)  
IV Tríatlon Boamorte de Sanxenxo

## 3.- Títulos de Longa e Media Distancia

Propóñense de conformidade cos seus organizadores as probas Northwest Triman para Campionato Galego de Longa Distancia e Triatlón Desafío Islas Cies para Media Distancia.  
Aprobouse por unanimidade.

4.- Propostas probas para Ranking FETRI e invitacións autonómicas Cpto de España de Triatlón  
Exponse que se pediu á FETRI modificar o ranking 2018 onde se considerou o Cpto Galego Estándar sen drafting como campionato de referencia pero aínda non se modificou e sométese a valoración e votación idenficar o de 2019. Este campionato ademáis de desenvolverse sen drafting mistura federados e non federados e non ten ningún tipo de clasificatorio como é o caso do sprint.  
Luis Piña indica que o problema é que en 2018 non preguntaron coma noutras tempadas, debido a cambios estruturais na FETRI e decidiron directamente o Olímpico Sen Drafting.  
Acórdase que o Sprint é o que se debe comunicar a estes efectos.


## 5.- Rogos e Preguntas

Informase de que un representante de Naturlar interesado en promocionar a zona de Porto de Mouros a través do deporte relacionado co turismo familiar contactou coa federación coa intención de organizar un triatlón. Na medida en que só quedan dúas probas para o tríatlon de menores propúxoselle esta posibilidade de organizar un triatlón de menores e nos próximos días enviará un proxecto para valorar.

Infórmase da solicitude de inclusión de probas no calendario oficial a través das negociacións co Comité Deportivo.- Infórmase que tanto a organización do Tríatlon de Muros coma a do Triatlón da Pobra contactaron para tentar introducir as súas probas no calendario oficial. Na medida en que as datas confluían con outras probas xa calendarizadas de momento seguirán traballando de cara á súa inclusión na próxima tempada cando se configure o calendario.

Levántase a sesión ás 21:40 h.

  
Asdo.- A Secretaria Xeral  
Mónica Flores Ferreiro

VºBº  
  
Asdo.- O presidente  
Gonzalo Triunfo Delgado.